

# Competencias Dixitais da poboación galega

## Ano 2023




Edita: Xunta de Galicia  
Consellería de Facenda e Administración Pública  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela  
Ano de publicación: 2024

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución  
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)  
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

# Contidos

I.	Contexto galego e marco europeo de competencias dixitais	Páx. 4
II.	Modelo de análise	Páx. 11
III.	Competencias Dixitais Xerais da poboación galega	Páx. 15
IV.	Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións	Páx. 28
V.	Competencias dixitais por dimensións e características sociodemográficas	Páx. 35
VI.	Conclusións	Páx. 42
VII.	Outros estudos OSIMGA de referencia	Páx. 44





# I. Contexto galego e marco europeo de competencias dixitais

# I. Introducción

Este informe elabórase no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030, centrada no novo contexto da transformación dixital, onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario e dará lugar a unha “Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ninguén atrás”.

O 2 de setembro de 2021, o Consello da Xunta de Galicia aproba o Decreto que regula o certificado co que as persoas de Galicia poderán acreditar as súas competencias dixitais. O Marco galego de competencias dixitais establece os criterios para avaliar e certificar os coñecementos e as habilidades para os novos contextos dixitais da cidadanía. Nesta aposta, Galicia é a primeira comunidade en adaptar a normativa aos criterios do Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía.

Neste contexto é vital coñecer a evolución da situación e avaliar ano a ano as necesidades para que a dixitalización sexa unha vantaxe para todos. Así, para a realización deste informe analizáronse os **datos publicados en novembro do ano 2023**, procedentes da Enquisa TIC nos fogares do ano 2021 realizada polo INE, que permite obter unha foto da situación actual das competencias dixitais en Galicia aplicando metodoloxías deseñadas por EUROSTAT e aplicadas en todo o ámbito europeo.

*Entre as edicións de 2020 e 2021 produciuse un cambio metodolóxico, polo que os resultados non son comparables para a serie antes de 2021.*

Ata 2020 eran 4 as áreas competenciais analizadas, relacionadas coa **Información** (buscar información na rede, interaccionar coas Administracións Públicas entre outras), a **Comunicación** (usar o correo electrónico, redes sociais, etc.), a **Resolución de problemas a través de Internet** (compras, aprendizaxe en liña, entre outras actividades) e o **Uso de software** (editar fotos, follas de cálculo, etc.). En 2021 engádese unha quinta dimensión, a de **Ciberseguridade**.

O informe persigue así tres grandes obxectivos:

- ✓ Actualizar o seguimento das habilidades dixitais da poboación galega de 16 a 74 anos.
- ✓ Identificar os puntos fortes e febles no ámbito das competencias dixitais en Galicia.
- ✓ Comparar os resultados co ámbito estatal e europeo.
- ✓ Describir os diferentes niveis de habilidades dixitais e informáticas da poboación tendo en conta o perfil socio demográfico.
- ✓ Ser un marco de referencia para medir as tendencias e necesidades para a dixitalización da poboación galega.

# I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia


## Dinámicas da poboación galega

A poboación galega conta con características demográficas que merece a pena observar antes de facer a análise da sociedade dixital.

Caracterízase por un nivel de avellentamento significativo, igual en toda Europa. Pódese ver na pirámide de poboación. A media de idade galega é de 48 anos fronte aos 44,2 de España e 44,5 da UE, que reducen a súa distancia con Galicia nos últimos anos.

Máis do 75% da poboación galega reside nas dúas provincias occidentais, tendo unha densidade de poboación de 140,9 habitantes por quilómetro cadrado na Coruña e 209,7 en Pontevedra, e de só 32,9 en Lugo e 41,8 en Ourense, provincias coa poboación máis avellentada (máis de 50 anos de media en ambas provincias).

A poboación feminina representa o 51,9% en Galicia, ao ser máis numerosa nos grupos de idade maiores de 35. O saldo migratorio galego é positivo, por máis de 14.000 persoas anuais nos tres últimos anos. Neste caso o 48,4% da emigración fóra de Galicia é feminina, fronte a só o 42,9% da inmigración (entran menos mulleres das que saen).<sup>1</sup>



## Economía Dixital e Empresas.


O sector TIC galego crece con vigor e conta xa con 3.140 empresas activas no 2022 (120 empresas máis ca en 2021), achegando un Valor Engadido Bruto superior aos 1.750 millóns de euros. Así o sector TIC supón o 2,7% do PIB total de Galicia (Fonte: OSIMGA. Galicia Dixital: O Sector TIC de Galicia. Edición 2023).

O sector TIC emprega en Galicia a 22.932 persoas de media en 2023 das que 7.098 (31%) son mulleres.<sup>2</sup>

Nas empresas tecnolóxicas galegas, en 2023, o 54,1% afirma contar con empregados que teletraballan, cun máximo do 72,2% no subsector de Actividades Informáticas.

A tecnoloxía disruptiva con máis presenza nas empresas TIC galegas é a Internet das Cousas ou IoT (36,5%), seguida do Big Data (35%), e a Intelixencia Artificial (29,5%). O crecemento do uso da Intelixencia Artificial nas empresas TIC galegas foi do 5% de 2022 a 2023.

O 27,5% das empresas do sector TIC fan uso ou incorporan aos seus servizos recursos de Business Intelligence e un 24,8% emprega Chatbots. Tamén superan o 18% a telepresenza e o block chain nas empresas tecnolóxicas de Galicia.



O 36,5% das empresas TIC galegas xa utilizan IoT (Internet das Cousas).

O 35% manexa Big Data.

O 29,5% das Empresas TIC fai uso da Intelixencia artificial.



<sup>1</sup> Fonte: IGE. Os últimos datos publicados sobre migracións son de 2021 mentres que os datos globais de poboación son de 2023.

<sup>2</sup> Fonte INE: Estatísticas de afiliacións á seguridade social

# I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

## Dixitalización dos fogares galegos

A porcentaxe de fogares con Internet contratado crece un 0,5% en 2022, ata o 92,7% segundo se describe no estudo ["Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2022"](#) elaborado polo OSIMGA.

Crece en Galicia un 5,2% de 2019 a 2022, case o dobre que a media europea (2,8%).




*O 92,7% dos fogares galegos contan con Internet contratado e a porcentaxe de fogares con velocidade de conexión a Internet de máis de 100 Mbps creceu un 90,8% entre 2019 e 2022, e xa é do 45,4%.*

No 2022, 874.806 fogares galegos teñen contratado Internet, cun incremento de 47.554 fogares nos últimos catro anos.

A contratación de Internet dos fogares nos concellos de menos de 5.000 habitantes aumentou o 21,2% en catro anos, moi superior á media (5,2%) e sitúase no 86,5%. Xa acada o 90,8% nos concellos de 5.001 a 10.000 habitantes, reducindo a fenda do rural ao urbano.


O resto de tramos de poboación, superan o 92% de fogares con internet contratado.

Vemos, no mapa adxunto, que só unha comarca non chega ao 85% de dispoñibilidade de internet no fogar.



**Fogares con Internet Contratado Evolución Galicia 2019-2022**

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019-2022)

Fonte: OSIMGA + IGE 2022

# I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

## Dixitalización dos fogares galegos

O teléfono móbil é o dispositivo máis estendido entre a cidadanía de Galicia, usado polo 96,5% da poboación nos últimos tres meses.




No 2022, o crecemento dos internautas galegos é do 0,3% respecto do ano anterior co que 1.763.218 persoas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, un incremento de 68 mil internautas nos últimos catro anos.




As actividades preferidas dos internautas galegos no 2022 son a mensaxería instantánea (97,3%) buscar información (87,5%), ler noticias, xornais ou revistas en liña (85,7%), correo electrónico (82,7%), banca electrónica (77,2%) e telefonar ou realizar videochamadas usando apps (72%).

A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas administracións públicas a través de Internet nos últimos doce meses foi do 83,8%, situando a Galicia por riba dos valores estatais e europeos.



Fogares con Ordenador. Ano 2022



Tal e como se recolle no estudo *"Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2022"*, o 77,8% dos fogares galegos dispoñen de ordenadores; e a smart TV está presente en case a metade.


Xa comezan a estar moi presentes tamén os dispositivos máis avanzados e relacionados coa domótica como o autofalante intelixente (12,9%), dispositivos de seguridade conectados a internet (4,8%) e outros dispositivos domóticos (5,1%)



En 2022, o 12,9% dos fogares galegos dispón de altofalantes intelixentes e o 4,8% conta con dispositivos de seguridade conectados a Internet



Equipamento tecnolóxico dos fogares galegos. 2022



Fonte: OSIMGA + IGE 2022



# I. II. Perfil sociodemográfico do Internauta

## INCLUSIÓN DIXITAL-CONVERXENCIA COA UE

No ano 2022, o 89,3% da poboación galega con idade entre 16 e 74 anos utilizou Internet nos últimos tres meses.


Galicia incrementou os usuarios activos da Internet nun 4,3% dende o ano 2019 ao 2022, unha taxa moi similar ao do conxunto de España (4,2%) e ao 4,7% da Unión Europea.

O uso de Internet entre as persoas de entre 16 e 44 anos en 2022 foi practicamente universal en Galicia, con porcentaxes moi similares aos da media española e europea.

Nos tramos de idade de 45 a 54, 55 a 64 e 65 a 74 anos, o número de usuarios de internet nos últimos tres meses creceu en 4 anos un 7,1%, 12,8% e 29,7% respectivamente. Son os tramos que máis aumentan.



Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.  
Galicia. 2022.



Fonte: OSIMGA + IGE (2022)


# I. III. Transformación Dixital

## TENDENCIAS QUE SE AFIANZAN


### A DIXITALIZACIÓN DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

O 89,1% das galegas e o 89,5% dos galegos utilizaron Internet nos últimos tres meses. É un dato que corrobora a desaparición de toda fenda de xénero entre galegos e galegas a nivel global, seguindo a tendencia observada tamén no ámbito estatal e europeo.

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses. Evolución e comparativa Galicia, España, UE.



Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses. Evolución e comparativa Galicia, España, UE.



## SOCIEDADE DIXITAL INCLUSIVA


### AS FENDAS ESTRÉITANSE

A idade continúa a ser unha variable relacionada co nivel de dixitalización. Ata os 54 anos converxen os indicadores para Galicia coa media estatal, onde o uso de internet supera o 96% en todos os tramos de idade.

Os maiores, seguen avanzando na súa dixitalización, achegándose a valores próximos ao 60% de poboación internautas de entre 64 e 75 anos. De 2019 a 2022 aumentaron un 12,8% o número de internautas de 55 a 64 anos e o 29,7% no tramo de 65 a 74 anos. Estudantes, ocupados e persoas con nivel formativo secundario ou superior xa teñen un uso practicamente universal de Internet.

O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de hábitat en Galicia. Cabe salientar, especialmente, o incremento dos residentes nos concellos máis pequenos, con síntomas claros de converxencia cos hábitats urbanos.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses. Evolución por tamaño de municipio. Galicia.





## II. Modelo de análise

## II. O indicador de competencias dixitais fronte ao Marco de Competencias Dixitais

A Estratexia Galicia Dixital 2030 deseñada pola Xunta de Galicia en 2020 asume o obxectivo definido pola Comisión Europea de que “As capacidades dixitais básicas deberían formar parte das capacidades básicas transferibles que todas as persoas deberían ter para poder desenvolverse a nivel persoal, participar no conxunto da sociedade como cidadáns activos, utilizar os servizos públicos e exercer os seus dereitos básicos”.<sup>1</sup>

A Comisión Europea desenvolve dende 2013 o **Marco de Competencias Dixitais para os Cidadáns**, tamén coñecido como Digicomp. Este marco proporciona unhas directrices e ferramentas a escala da UE para mellorar as competencias dixitais da cidadanía e planificar iniciativas de educación e formación para mellorar as competencias dixitais. En 2022 publícase a versión 2.2 do Marco de Competencias Dixitais para a Cidadanía<sup>2</sup>, que contén exemplos de habilidades, coñecementos e actitudes dixitais.

Unha das ferramentas derivadas deste marco é o **Indicador de Competencias Dixitais**, que serve para establecer obxectivos xerais de dixitalización e para supervisar a economía e sociedade dixital.

**Os contidos do presente informe son o resultado da medición do Indicador de Competencia Dixitais para Galicia**, elaborada mediante unha metodoloxía baseada en Digicomp. Achégase o estado do desenvolvemento das competencias dixitais a través dunha enquisa. A principal diferenza é que Digicomp establece unha análise de coñecementos, habilidades e actitudes, e o Indicador de Competencias Dixitais obtén estes coñecementos mediante a medición dos usos da poboación das diferentes ferramentas dixitais. Digicomp establece que os **obxectivos deberán basearse na porcentaxe de cidadanía que dispón de competencias como mínimo básicas** no indicador global, que se desagrega en cinco dimensións:

1. Alfabetización en materia de información e datos
2. Comunicación e colaboración
3. Creación de contidos dixitais.
4. Seguridade
5. Resolución de problemas.



<sup>1</sup> Incluído na Estratexia Galicia Dixital 2030, citando a Comunicación da Comisión europea “Plan de Acción de Educación Dixital 2021-2027” (2020)

<sup>2</sup> <https://publications.jrc.ec.europa.eu/repository/handle/JRC128415>

## II. Metodoloxía

Dende 2015, a Comisión Europea estableceu, a través do Eurostat, este **indicador de competencias dixitais da poboación** que se integra na dimensión de Capital Humano do índice DESI, co que se mide a dixitalización dos países membros da UE.<sup>1</sup>

Para obter este indicador tómanse os datos que proveñen da Enquisa de uso das TIC a fogares dos países membros. Ata 2021, o indicador de competencias dixitais estaba conformado por catro dimensións:

- ❖ Competencias e habilidades de información e alfabetismo de datos
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa comunicación e colaboración
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa creación de contidos dixitais
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa resolución de problemas

En 2021 engadiuse unha nova dimensión e algunhas variables novas. A dimensión engadida é *Seguridade* (competencias informáticas).

A inclusión dunha nova dimensión ten un impacto importante no nivel de competencias dixitais. Para acadar o nivel básico é preciso dispoñer como mínimo competencias básicas nas cinco dimensións, e pasará a nivel avanzado se dispón de competencias avanzadas nas cinco dimensións.

A fonte de información para a elaboración deste informe son os datos da «Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación dos fogares» (Enquisa TIC- H) do INE dos anos 2019, 2020, 2021 e 2023<sup>2</sup> das que OSIMGA fai unha explotación dos microdatos para difundir os resultados detallados.



Nota: En todas as dimensións establécese a categoría de "Non avaliábeis" que son as persoas de 16 a 74 anos que non se conectaron a Internet nos últimos 3 meses

<sup>1</sup> Metodoloxía completa en eurostat: [https://ec.europa.eu/eurostat/cache/metadata/en/isoc\\_sk\\_dskl\\_i21\\_esmsip2.htm](https://ec.europa.eu/eurostat/cache/metadata/en/isoc_sk_dskl_i21_esmsip2.htm)

<sup>2</sup> En 2022 o INE non inclúen na enquisa TIC-H as variables para o cálculo das competencias dixitais, pasando a facilitarse de forma bianual

## II. Metodoloxía: Compoñentes indicador de competencias dixitais

### DIMENSIÓNS DAS HABILIDADES E NIVEIS

#### INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS

- Sen habilidades: non se realizou ningunha actividade
- Básico: realizouse unha actividade
- Avanzado: realizouse máis dunha actividade

#### COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN

- Sen habilidades: non se realizou ningunha actividade
- Básico: realizouse unha actividade
- Avanzado: realizouse máis dunha actividade

#### CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS

- Sen habilidades: non se realizou ningunha actividade
- Básico: realizouse unha ou dúas actividades
- Avanzado: realizouse máis de dúas actividades

#### SEGURIDADE

- Sen habilidades: non se realizou ningunha actividade
- Básico: realizouse unha ou dúas actividades
- Avanzado: realizouse máis de dúas actividades

#### RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

- Sen habilidades: non se realizou ningunha actividade
- Básico: realizouse unha ou dúas actividades
- Avanzado: realizouse máis de dúas actividades

### ACTIVIDADES CONTEMPLADAS

- Buscar información sobre bens ou servizos
- Buscar información sobre saúde
- Ler novas
- Comprobar fiabilidade da información de Internet: verificando as fontes/ participando en debates/ fóra de Internet

- Enviar e recibir correos electrónicos
- Usar videochamadas a través de Internet
- Usar mensaxería instantánea
- Participar en redes sociais
- Emitir opinións en sitios e redes sociais sobre asuntos sociais ou políticos
- Tomar parte en consultas online

- Usar procesador de texto
- Usar follas de cálculo
- Usar software para editar fotos, vídeo ou audio
- Mover arquivos en carpetas, dispositivos ou na nube
- Crear arquivos con elementos diversos como imaxes, audios, texto, táboas, animacións...
- Usar funcións avanzadas de follas de cálculo
- Escribir en linguaxe de programación

- Comprobar seguridade dun sitio web
- Ler a política de privacidade dun sitio web
- Restrinxir ou negar acceso a ubicación xeográfica
- Limitar acceso a perfil ou contidos en redes sociais ou de almacenamento compartido
- Denegar uso de información para publicidade
- Configurar navegador para limitar cookies

- Descargar ou instalar software ou aplicacións
- Cambiar configuración do software ou dun dispositivo
- Comprar online nos últimos 12 meses
- Vender nun sitio web ou mediante app
- Realizar curso online (ou parcialmente online)
- Usar material de aprendizaxe online
- Usar banca online
- Buscar emprego ou enviar solicitude de traballo

### NIVEL DE COMPETENCIA DIXITAL GLOBAL

#### SEN HABILIDADES

Individuos sen habilidades como mínimo en catro dos cinco campos.

#### HABILIDADES LIMITADAS

Sen habilidades en tres dos cinco campos e posúen habilidades nos outros dous.

#### HABILIDADES REDUCIDAS

Sen habilidades en dous dos cinco campos e posúen habilidades nos outros tres

#### HABILIDADES BAIXAS

Sen habilidades só nun dos cinco campos

#### COMPETENCIAS BÁSICAS

Individuos con nivel básico nun dos campos estudados e que non carezan de habilidades en ningún deles

#### COMPETENCIAS AVANZADAS

Individuos con nivel avanzado nos cinco campos






# III. Competencias Dixitais Xerais da poboación galega

# III. Competencias Dixitais Indicador Global

Habilidades dixitais da poboación galega  
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (ETH) 2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos

O nivel de competencias dixitais é o principal indicador de dixitalización dos cidadáns, utilizado como referente básico en toda a Unión Europea dende 2015.


No 2023, o 36,0% de galegos e galegas entre 16 e 74 anos ten competencias dixitais avanzadas, é dicir, máis dun terzo dos galegos/as dispoñen de nivel avanzado de habilidades dixitais nas cinco dimensións; información e alfabetización, comunicación, creación de contidos, resolución de problemas e seguridade, polo que é a categoría máis numerosa.

Ademais, o 64,1% dos galegos/as xa dispón de cando menos competencias dixitais básicas. A categoría de "non avaliadas" redúcese nun 20% dende a última revisión (2021), e contabiliza aos cidadáns que non usaron internet nos últimos 3 meses.



# III. Competencias Dixitais

## Indicador Global-Evolución Galicia



Fonte: INE (ETH) 2019-2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos

As competencias dixitais básicas+avanzadas pasan do 61,6% ao 64,1%. Así, a porcentaxe de galegos/as que posúen cando menos competencias dixitais básicas aumentou un 4,1% nos últimos dous anos.\*

No último ano, a porcentaxe de galegos/as que ten competencias dixitais avanzadas incrementábase lixeiramente e as persoas con competencias básicas alcanzan por primeira vez o mesmo valor que os que teñen menos que básicas.

Descenden os galegos con competencias inferiores ás básicas e non avaliadas, os dous chanzos máis baixos da escada de competencias.

- A comparación é dun lapso de dous porque a operación é bianual. De 2020 a 2021 hai un cambio na metodoloxía, que fai que a comparación cos anos anteriores a 2021 sexa meramente orientativa.

# III. Competencias Dixitais


## Indicador Global-Evolución Galicia-España

### RECORTE DE DISTANCIAS COA MEDIA ESTATAL

As distancias con España nos chanzos máis altos redúcese ano a ano:

- Competencias dixitais básicas + avanzadas: Galicia reduce un ano máis a distancia e queda a só 2,1 puntos da media estatal.
- Competencias dixitais inferiores ás básicas: baixa lixeiramente (28,6% a 28,1%).
- Non avaliadas: redúcese de forma significativa, en dous puntos, o que supón baixar máis dun 20%.

Evolución das competencias dixitais da poboación galega e española  
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (ETH) 2020-2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos

# III. Competencias Dixitais

## Indicador Global –Comparación Galicia, España, UE

Competencias dixitais da poboación galega, española e europea. 2021-2023  
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (ETH) 2021-23 + EUROSTAT 2021-2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota: UE27 Máis información no seguinte enderezo: [https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/isoc\\_sk\\_dskl\\_i21/default/table?lang=en](https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/isoc_sk_dskl_i21/default/table?lang=en)

Tanto Galicia como España seguen superando notablemente a proporción de cidadáns con competencias avanzadas respecto do promedio Europeo.

Tamén melloran os resultados na redución de proporción de cidadáns non availables (que non utilizan internet). Baixan máis dun 20% nos últimos dous anos.

# III. Competencias Dixitais

## Indicador Global segundo características demográficas principais



		Competencias Dixitais			
		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Home	26,8%	28,9%	37,0%	7,3%
	Muller	29,3%	27,4%	35,0%	8,3%
	16-24 anos	13,1%	26,3%	60,6%	0,0%
	25-34 anos	6,8%	32,2%	61,0%	0,0%
Idade	35-44 anos	22,1%	32,2%	44,4%	1,3%
	45-54 anos	28,2%	31,3%	37,2%	3,3%
	55-64 anos	41,8%	32,3%	16,6%	9,3%
	65-74 anos	43,4%	12,3%	14,2%	30,1%
	Activos ocupados	25,5%	30,1%	42,2%	2,2%
Situación Laboral	Activos parados	24,3%	37,1%	33,3%	5,3%
	Estudantes	5,3%	28,0%	66,7%	0,0%
	Labores do fogar	45,2%	19,4%	10,0%	25,4%
	Pensionistas	44,8%	23,6%	6,8%	24,8%
	Outra situación	36,6%	25,9%	21,5%	16,0%
	Analfabetos e primaria incompleta	46,6%	14,6%	6,3%	32,5%
Estudios	Educación Primaria	41,9%	27,9%	21,8%	8,4%
	1º etapa Ed.Secundaria	25,6%	38,9%	34,2%	1,3%
	2º etapa Ed.Secundaria	26,9%	33,1%	38,9%	1,1%
	Graos universitarios	8,3%	24,1%	66,2%	1,4%
Tamaño Hábitat	Capitais de provincia	19,7%	28,2%	48,0%	4,1%
	De 100 a 500 mil habitantes, non capitais	28,9%	26,8%	40,4%	3,9%
	De 50 a 100 mil habitantes	28,9%	32,8%	35,1%	3,2%
	De 20 a 50 mil habitantes	28,2%	37,3%	29,3%	5,2%
	De 10 a 20 mil habitantes	27,4%	22,3%	40,6%	9,7%
Ingresos do Fogar	Menos de 10 mil habitantes	34,2%	26,2%	26,3%	13,3%
	Menos de 900 euros	32,0%	25,6%	24,4%	18,0%
	De 900 a menos de 1.600 euros	32,9%	31,0%	27,8%	8,3%
	De 1.600 a menos de 2.500 euros	26,9%	28,5%	37,2%	7,4%
	De 2.500 a menos de 3.000 euros	23,7%	30,4%	40,0%	5,9%
	3.000 óu máis euros	23,7%	23,7%	48,3%	4,3%
Total (%)		28,1%	28,1%	36,0%	7,8%

# III. Competencias Dixitais

## Cruce do xénero con outras variables persoais

### Competencias Dixitais básicas+ avanzadas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Nas dúas gráficas de regresión que se presentan pódese apreciar que as competencias dixitais máis que estar determinadas pola idade (gráfica da esquerda) ou o nivel de estudos (gráfica da dereita) obsérvase que:


- En idades inferiores á media, están case todos os casos por enriba da media de habilidades da poboación (parte esquerda da primeira gráfica) e con maior idade, as habilidades dixitais son moito máis disperso (parte dereita).
- Analogamente, con maior nivel de estudos (parte dereita da segunda gráfica) case todos os casos están por enriba das habilidades medias da poboación e con menos estudos (esquerda da gráfica) hai moitísima dispersión

# III. Competencias Dixitais básicas + avanzadas

## Indicador Global segundo características demográficas principais

Na análise das persoas con competencias básicas+avanzadas por colectivos, as tendencias máis claras que se observan son:

- Baixa o nivel de capacitación dixital a partires dos 35 anos
- 3,5 puntos porcentuais de fenda de xénero.
- Habilidades moi superiores das persoas activas e estudantes respecto ao resto.
- Tendencias crecentes nas habilidades dixitais por nivel de ingresos, tamaño do concello e nivel educativo máximo acadado.



Fonte: INE (ETH) 2023

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"

### III. Competencias Dixitais básicas + avanzadas Cruce do xénero con outras variables persoais


Viuse como na análise das persoas con competencias básicas+avanzadas por colectivos, existe unha fenda de xénero de 3,5 puntos porcentuais.

Agora analízase se é xeral ou só se debe a que as mulleres teñen unha idade media maior cos homes. A conclusión é que a fenda de xénero non se debe só a unha maior idade senón a:

- Maior fenda dixital nas idades elevadas, coas mulleres a uns 10 puntos porcentuais dos homes a partir dos 55 anos.
- Menos habilidades dixitais das mulleres con menos estudos. Están a máis de 20 puntos cando o nivel de estudos é primarios ou menos que primarios.
- Labores do fogar é unha categoría máis numerosa entre as mulleres, sendo tamén unha das categorías con competencias dixitais máis baixas, 30 puntos por debaixo da media.

Competencias Dixitais básicas+ avanzadas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (ETH) 2023

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"

# III. Competencias Dixitais básicas + avanzadas

## Cruce do de Galicia-España por desagregacións


### Competencias Dixitais básicas+ avanzadas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Vimos como na análise global, a media estatal de competencias básicas+avanzadas (66,2%) supera en 2,1 puntos porcentuais á galega (64,1%).

En xeral observamos que nos estratos de menor capacitación dixital é nos que ademais a media estatal supera á galega claramente:

- Por xénero, mulleres españolas teñen máis capacitación dixital que as galegas.
- Por ocupación: pensionistas e labores do fogar están por detrás en Galicia.
- Por idade: maiores de 54 menos dixitalizados en Galicia.
- Por nivel de estudos: menos que secundaria por detrás da media española.
- Aquí, pola contra, nos estratos de máis ingresos e capacitación dixital é nos que se produce máis vantaxe a prol do estado.



Fonte: INE (ETH) 2023

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"






# III. Competencias Dixitais: básicas + avanzadas

## Mapa europeo

Galicia está moi próxima á media Española e supera en case dez puntos porcentuais a europea nun contexto no que España só está por detrás dos países nórdicos, países baixos, Suíza e da República Checa.\*

Nun contexto europeo, Galicia estaría só dous postos por detrás do estado español




Fonte: EUROSTAT 2023

Base: Persoas de 16 a 74 anos

\* No mapa, algúns países que non están na gráfica aparecen con datos provisionais por non estar dispoñible a puntuación de 2023. Destacan por acostumar a superar a España: Irlanda, Países Baixos e Islandia.

### Competencias Dixitais básicas+ avanzadas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



### III. Competencias Dixitais

## Resumo por características demográficas principais



- As habilidades dixitais avanzadas superan o 60% para a poboación menor de 35 anos.
- Tamén o superan entre a poboación estudante e con titulación superior.



- A poboación “non avaliable” porque non é usuaria de internet supera o 10% a partir dos 65 anos, entre as persoas inactivas que non son estudantes, os que non acadaron estudos primarios, residen en concellos de menos de 10.000 habitantes e teñen ingresos no fogar de menos de 900 euros mensuais.



- A fenda de xénero é de 3,5 puntos porcentuais e queda explicada principalmente polo maior peso da poboación feminina nos estratos sociodemográficos menos dixitalizados: poboación maior, con menos estudos, menos ingresos e inactiva.





## **IV. Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións**

# IV. Competencias dixitais: información e alfabetización de datos

## Comparativa Galicia-España-UE 27

### INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS



En 2023, o 86,1% dos galegos/as de 16 a 74 anos posúen competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de información, 1,4 puntos máis que en 2021.

Galicia reduce a distancia respecto á media española nas persoas con competencias avanzadas en información, de 4,5 puntos a 1,1.

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2021, 2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos



#### Habilidades involucradas:

- Buscar información sobre bens ou servizos
- Ler novas
- Comprobar fiabilidade da información de Internet: participando en debates sobre a información
- Buscar información sobre saúde
- Comprobar fiabilidade da información de Internet verificando as fontes ou por Internet
- Comprobar fiabilidade da información de Internet mediante outras fontes fóra de Internet

# IV. Competencias dixitais: comunicación e colaboración

## Comparativa Galicia-España-UE 27

### COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN



En 2023, o 90,9% dos galegos/as de 16 a 74 anos posúen competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de “Comunicación e colaboración”, aumentando así en máis de 2 puntos dende o estudo anterior.

Galicia reduce a distancia respecto á media española nas persoas con competencias avanzadas en “Comunicación e colaboración”, de 5,8 puntos a 4,5 e segue a estar por enriba da media europea.

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2021, 2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos



#### Actividades involucradas

- Enviar e recibir correos electrónicos
- Usar mensaxería instantánea
- Emitir opinións sobre asuntos de tipo social ou político en sitios web ou en redes sociais
- Realizar ou recibir videochamadas a través de Internet
- Participar en redes sociais
- Tomar parte en consultas online ou votacións sobre asuntos cívicos ou políticos

# IV. Competencias dixitais: creación de contidos dixitais

## Comparativa Galicia-España-UE 27

### CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS



En 2023, o 71,5% dos galegos/as de 16 a 74 anos posúen competencias dixitais básicas ou avanzadas en "creación de contidos dixitais", 1,8 puntos máis que en 2021.

A diferenza de competencias dixitais avanzadas en creación de contidos respecto á media estatal pasa de 3,3 puntos a 4,6 mentres seguimos a superar a media europea.

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2021, 2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos



#### Actividades involucradas

- Usar un procesador de texto
- Usar software para editar fotos, vídeo ou audio
- Crear arquivos que incorporen varios elementos
- Programar en linguaxe de programación
- Usar follas de cálculo
- Copiar ou mover arquivos entre cartafolios, dispositivos ou a nube,
- Usar funcións avanzadas de follas de cálculo para organizar, estruturar ou modificar datos

# IV. Competencias dixitais: resolución de problemas

## Comparativa Galicia-España-UE 27

### RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS



En 2023, o 84,8% dos galegos/as de 16 a 74 anos dispoñen de competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de información, 3,1 puntos máis que en 2021.

Galicia supera a media española de persoas con competencias avanzadas en “Resolución de problemas”, mentres no 2021 estaba case tres puntos por detrás.

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2021, 2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos

#### Actividades involucradas:

- Descargar ou instalar software ou aplicacións
- Comprar online nos últimos 12 meses
- Realizar curso online (ou parcialmente online)
- Usar banca online



- Cambiar configuración de software, aplicación ou dispositivo
- Vender bens ou servizos a través dun sitio web ou app
- Usar material de aprendizaxe online
- Buscar emprego ou enviar unha solicitude a un posto de traballo



# IV. Competencias dixitais: seguridade

## Comparativa Galicia-España-UE 27

### SEGURIDADE



En 2023, o 76,6% dos galegos/as de 16 a 74 anos acadan competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de información, 0,4 puntos máis que en 2021.

Galicia reduce a distancia respecto á media española nas persoas con competencias avanzadas en seguridade, de 1,8 puntos a 0,5 e amplíase a distancia coa media europea a máis de 17 puntos.

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2021, 2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos

#### Actividades involucradas:

- Comprobar seguridade dun sitio web
- Restringir ou negar acceso a ubicación xeográfica
- Denegar uso de información para publicidade

- Ler a política de privacidade dun sitio web
- Limitar acceso a perfil ou contidos en redes sociais ou de almacenamento compartido
- Configurar navegador para limitar cookies

## IV. Competencias Dixitais: Dimensións.



A desagregación de habilidades dixitais por dimensións mostra que Galicia rexistra unha notable vantaxe sobre a media europea nas competencias dixitais básicas + avanzadas de todas as dimensións.



As capacidades dixitais relacionadas coa **Comunicación e Colaboración** son as máis estendidas entre a poboación galega onde o 90,9% ten un **nivel básico ou avanzado**.

A área que máis mellorou en competencias dixitais nos últimos dous anos é Resolución de problemas, onde a poboación con nivel básico ou avanzado paso do 81,7% ao 84,8%





As habilidades dixitais en **Seguridade** da poboación galega seguen a ser as que superan con maior diferenza a media europea. En 2023, o 76,6% dos galegos/as de 16 a 74 anos dispoñen de habilidades básicas ou avanzadas en materia de seguridade, mellorando a media europea (69,5% ) en 7,1 puntos porcentuais.



A creación de **Contidos dixitais** é a área competencial menos estendida en Galicia e no conxunto do territorio estatal. Aínda así, a porcentaxe de galegos/as de 16 a 74 anos con habilidades básicas ou avanzadas en creación de contidos dixitais (71,5%), supera a media europea (68,2%) en 3,3 puntos porcentuais.

Galicia reduce a distancia respecto á media estatal en competencias básicas + avanzadas en todas as dimensións excepto na de "**Seguridade**". Con todo, reduce a distancia dos que dispoñen de competencias avanzadas dende 1,8 puntos a 0,5.





# V. Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións e características sociodemográficas

# V. Competencias Dixitais:

## Dimensións e Características Sociodemográficas

### INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Europa (EU27)	9,7%	13,2%	68,5%	8,5%
	España	7,2%	9,2%	79,0%	4,6%
	Galicia	6,1%	8,2%	77,9%	7,8%
	Home	6,6%	10,0%	76,1%	7,3%
	Muller	5,5%	6,5%	79,7%	8,3%
	16-24 anos	4,2%	8,5%	87,3%	0,0%
Idade	25-34 anos	1,6%	0,6%	97,8%	0,0%
	35-44 anos	4,2%	7,2%	87,3%	1,3%
	45-54 anos	4,6%	9,6%	82,5%	3,3%
	55-64 anos	9,5%	9,5%	71,7%	9,3%
	65-74 anos	10,3%	11,5%	48,1%	30,1%
Situación Laboral	Activos ocupados	4,4%	7,1%	86,3%	2,2%
	Activos parados	9,6%	4,1%	81,0%	5,3%
	Estudantes	1,4%	5,7%	92,9%	0,0%
	Labores do fogar	12,6%	10,8%	51,2%	25,4%
	Pensionistas	1,5%	23,6%	50,1%	24,8%
	Outra situación	7,6%	12,5%	63,9%	16,0%

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Estudos	Primarios e primaria incompleta	9,7%	14,9%	42,9%	32,5%
	1º etapa Ed.Secundaria	12,9%	12,7%	66,0%	8,4%
	2º etapa Ed.Secundaria	5,1%	6,5%	87,1%	1,3%
	Formación profesional de grao superior	3,5%	7,4%	88,0%	1,1%
	Graos universitarios	0,8%	2,6%	95,2%	1,4%
	Capitais de provincia	5,2%	5,8%	84,9%	4,1%
Tamaño Hábitat	Máis de 100.000, non capitais provinciais	5,4%	4,0%	86,7%	3,9%
	De 50 a 100 mil habitantes	10,3%	8,9%	77,6%	3,2%
	De 20 a 50 mil habitantes	7,8%	9,8%	77,2%	5,2%
	De 10 a 20 mil habitantes	4,6%	6,4%	79,3%	9,7%
	Menos de 10 mil habitantes	6,4%	12,2%	68,1%	13,3%
	Menos de 900 euros	4,9%	7,8%	69,3%	18,0%
Ingresos do Fogar	De 900 a menos de 1.600 euros	8,2%	10,0%	73,5%	8,3%
	De 1.600 a menos de 2.500 euros	6,0%	4,5%	82,1%	7,4%
	De 2.500 a menos de 3.000 euros	2,5%	10,7%	80,9%	5,9%
	3.000 ou máis euros	6,3%	7,9%	81,5%	4,3%

# V. Competencias Dixitais:

## Dimensións e Características Sociodemográficas

### COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Europa (EU27)	2,1%	8,3%	81,1%	8,5%
	España	0,6%	4,8%	90,1%	4,6%
	Galicia	1,3%	5,4%	85,4%	7,8%
	Home	1,7%	5,6%	85,4%	7,3%
	Muller	0,9%	5,3%	85,5%	8,3%
Idade	16-24 anos	0,0%	1,1%	98,9%	0,0%
	25-34 anos	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%
	35-44 anos	0,3%	3,6%	94,8%	1,3%
	45-54 anos	0,0%	4,3%	92,4%	3,3%
	55-64 anos	1,7%	7,4%	81,6%	9,3%
Situación Laboral	65-74 anos	5,5%	13,4%	51,0%	30,1%
	Activos ocupados	0,0%	2,9%	94,9%	2,2%
	Activos parados	0,0%	4,9%	89,8%	5,3%
	Estudantes	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%
	Labores do fogar	4,2%	15,5%	54,9%	25,4%
	Pensionistas	9,4%	9,2%	56,6%	24,8%
	Outra situación	4,4%	5,2%	74,4%	16,0%

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Estudos	Primarios e primaria incompleta	6,4%	13,8%	47,3%	32,5%
	1º etapa Ed.Secundaria	0,0%	6,9%	84,7%	8,4%
	2º etapa Ed.Secundaria	0,9%	3,7%	94,1%	1,3%
	Formación profesional de grao superior	0,0%	5,5%	93,4%	1,1%
	Graos universitarios	0,2%	0,4%	98,0%	1,4%
	Capitais de provincia	2,1%	3,4%	90,4%	4,1%
Tamaño Hábitat	Máis de 100.000, non capitais provinciais	0,0%	5,4%	90,7%	3,9%
	De 50 a 100 mil habitantes	0,0%	11,8%	85,0%	3,2%
	De 20 a 50 mil habitantes	1,3%	3,5%	90,0%	5,2%
	De 10 a 20 mil habitantes	1,5%	3,5%	85,3%	9,7%
	Menos de 10 mil habitantes	1,4%	8,7%	76,6%	13,3%
Ingresos do Fogar	Menos de 900 euros	1,1%	6,3%	74,6%	18,0%
	De 900 a menos de 1.600 euros	1,1%	6,9%	83,7%	8,3%
	De 1.600 a menos de 2.500 euros	1,0%	4,2%	87,4%	7,4%
	De 2.500 a menos de 3.000 euros	2,2%	2,8%	89,1%	5,9%
	3.000 ou máis euros	1,5%	6,1%	88,1%	4,3%

# V. Competencias Dixitais:

## Dimensións e Características Sociodemográficas

### CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Europa (EU27)	23,2%	22,1%	46,1%	8,5%
	España	21,6%	21,5%	52,3%	4,6%
	Galicia	20,8%	23,8%	47,7%	7,8%
	Home	19,9%	24,7%	48,1%	7,3%
	Muller	21,5%	22,8%	47,2%	8,3%
Idade	16-24 anos	9,2%	12,0%	78,8%	0,0%
	25-34 anos	3,8%	29,6%	66,6%	0,0%
	35-44 anos	13,6%	30,5%	54,6%	1,3%
	45-54 anos	19,7%	23,6%	53,4%	3,3%
	55-64 anos	33,2%	27,0%	30,5%	9,3%
Situación Laboral	65-74 anos	34,9%	15,9%	19,1%	30,1%
	Activos ocupados	17,7%	24,6%	55,5%	2,2%
	Activos parados	8,8%	41,3%	44,6%	5,3%
	Estudantes	2,9%	13,6%	83,4%	0,0%
	Labores do fogar	38,9%	20,0%	15,7%	25,4%
	Pensionistas	42,1%	20,5%	12,6%	24,8%
	Outra situación	30,7%	23,4%	29,9%	16,0%

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Estudos	Primarios e primaria incompleta	40,8%	17,8%	8,9%	32,5%
	1º etapa Ed.Secundaria	32,7%	27,8%	31,1%	8,4%
	2º etapa Ed.Secundaria	18,7%	33,2%	46,8%	1,3%
	Formación profesional de grao superior	17,0%	23,5%	58,4%	1,1%
	Graos universitarios	2,7%	16,0%	79,9%	1,4%
Tamaño Hábitat	Capitais de provincia	12,4%	23,0%	60,5%	4,1%
	Máis de 100.000, non capitais provinciais	16,2%	22,6%	57,3%	3,9%
	De 50 a 100 mil habitantes	25,5%	22,9%	48,4%	3,2%
	De 20 a 50 mil habitantes	20,8%	30,1%	43,9%	5,2%
	De 10 a 20 mil habitantes	22,6%	18,4%	49,3%	9,7%
Ingresos do Fogar	Menos de 10 mil habitantes	27,3%	24,6%	34,8%	13,3%
	Menos de 900 euros	24,7%	24,5%	32,8%	18,0%
	De 900 a menos de 1.600 euros	25,3%	26,9%	39,5%	8,3%
	De 1.600 a menos de 2.500 euros	18,6%	23,1%	50,9%	7,4%
	De 2.500 a menos de 3.000 euros	17,1%	23,8%	53,2%	5,9%
	3.000 ou máis euros	17,6%	19,4%	58,7%	4,3%

# V. Competencias Dixitais:

## Dimensións e Características Sociodemográficas

### RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliadas
Xénero	Europa (EU27)	9%	26,0%	56,5%	8,5%
	España	8,0%	21,2%	66,2%	4,6%
	Galicia	7,3%	17,2%	67,6%	7,8%
	Home	6,7%	17,0%	69,0%	7,3%
	Muller	8,0%	17,4%	66,3%	8,3%
	16-24 anos	4,4%	0,0%	95,6%	0,0%
Idade	25-34 anos	0,0%	2,9%	97,1%	0,0%
	35-44 anos	0,9%	15,0%	82,8%	1,3%
	45-54 anos	5,5%	20,6%	70,6%	3,3%
	55-64 anos	9,3%	27,7%	53,7%	9,3%
	65-74 anos	21,7%	23,9%	24,3%	30,1%
Situación Laboral	Activos ocupados	4,0%	16,4%	77,4%	2,2%
	Activos parados	3,1%	11,7%	79,9%	5,3%
	Estudantes	1,3%	0,0%	98,7%	0,0%
	Labores do fogar	18,4%	30,7%	25,5%	25,4%
	Pensionistas	25,4%	18,0%	31,8%	24,8%
	Outra situación	9,9%	22,2%	51,9%	16,0%

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliadas
Estudos	Primarios e primaria incompleta	16,5%	23,0%	28,0%	32,5%
	1º etapa Ed.Secundaria	7,9%	27,5%	56,2%	8,4%
	2º etapa Ed.Secundaria	7,6%	18,1%	73,0%	1,3%
	Formación profesional de grao superior	6,4%	12,8%	79,7%	1,1%
	Graos universitarios	1,4%	7,2%	90,0%	1,4%
	Capitais de provincia	9,2%	11,8%	74,9%	4,1%
Tamaño Hábitat	Máis de 100.000, non capitais provinciais	3,8%	12,9%	79,4%	3,9%
	De 50 a 100 mil habitantes	5,1%	30,8%	60,9%	3,2%
	De 20 a 50 mil habitantes	7,0%	15,8%	72,0%	5,2%
	De 10 a 20 mil habitantes	6,1%	17,1%	67,1%	9,7%
	Menos de 10 mil habitantes	9,1%	22,5%	55,1%	13,3%
	Menos de 900 euros	9,7%	17,1%	55,2%	18,0%
Ingresos do Fogar	De 900 a menos de 1.600 euros	8,4%	22,6%	60,7%	8,3%
	De 1.600 a menos de 2.500 euros	5,6%	15,0%	72,0%	7,4%
	De 2.500 a menos de 3.000 euros	4,8%	18,6%	70,7%	5,9%
	3.000 ou máis euros	8,4%	11,2%	76,1%	4,3%

# V. Competencias Dixitais:

## Dimensións e Características Sociodemográficas

### SEGURIDADE


		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Europa (EU27)	22%	24,4%	45,1%	8,5%
	España	15,3%	17,2%	62,9%	4,6%
	Galicia	15,6%	14,2%	62,4%	7,8%
	Home	14,6%	12,9%	65,2%	7,3%
	Muller	16,6%	15,4%	59,7%	8,3%
	Idade	16-24 anos	8,2%	13,4%	78,4%
25-34 anos		2,0%	3,6%	94,4%	0,0%
35-44 anos		11,5%	12,1%	75,1%	1,3%
45-54 anos		15,3%	16,4%	65,0%	3,3%
55-64 anos		22,4%	23,7%	44,6%	9,3%
65-74 anos		27,3%	10,3%	32,3%	30,1%
Situación Laboral	Activos ocupados	12,5%	15,9%	69,4%	2,2%
	Activos parados	14,2%	6,9%	73,6%	5,3%
	Estudantes	2,6%	13,4%	84,0%	0,0%
	Labores do fogar	27,8%	14,2%	32,6%	25,4%
	Pensionistas	37,2%	4,6%	33,4%	24,8%
	Outra situación	18,8%	16,7%	48,5%	16,0%

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Estudos	Primarios e primaria incompleta	35,7%	10,1%	21,7%	32,5%
	1º etapa Ed.Secundaria	20,2%	18,9%	52,5%	8,4%
	2º etapa Ed.Secundaria	10,2%	13,7%	74,8%	1,3%
	Formación profesional de grao superior	14,3%	15,1%	69,5%	1,1%
	Graos universitarios	5,0%	13,0%	80,6%	1,4%
	Tamaño Hábitat	Capitais de provincia	11,6%	11,8%	72,5%
Máis de 100.000, non capitais provinciais		17,9%	8,8%	69,4%	3,9%
De 50 a 100 mil habitantes		12,1%	20,3%	64,4%	3,2%
De 20 a 50 mil habitantes		12,1%	21,8%	60,9%	5,2%
De 10 a 20 mil habitantes		13,3%	12,3%	64,7%	9,7%
Menos de 10 mil habitantes		21,7%	14,3%	50,7%	13,3%
Ingresos do Fogar	Menos de 900 euros	19,7%	14,0%	48,3%	18,0%
	De 900 a menos de 1.600 euros	16,4%	20,1%	55,2%	8,3%
	De 1.600 a menos de 2.500 euros	15,9%	12,7%	64,0%	7,4%
	De 2.500 a menos de 3.000 euros	9,7%	10,0%	74,4%	5,9%
	3.000 ou máis euros	16,0%	10,0%	69,7%	4,3%



# V. Competencias Dixitais:

## Dimensións e Características Sociodemográficas



### COMPETENCIAS AVANZADAS E AVANZADAS+BÁSICAS

En todas as dimensións, as competencias avanzadas están máis estendidas entre as persoas de 16 a 24 anos e 25 e 34 anos, estudantes e residentes en concellos de máis de 20 mil habitantes. Ademais, e como se destacaba no indicador global, con carácter xeral, este tipo de habilidades é máis frecuente entre aqueles/as que teñen formación universitaria.

Cabe salientar que nas dimensións de "Comunicación e colaboración" e "Información e alfabetización" as mulleres superan aos homes no nivel avanzado.

### CONTRASTES POR PERFIL DEMOGRÁFICA

As maiores diferenzas obsérvanse na dimensión de "Creación de contidos dixitais", tanto por idades, nivel educativo, tamaño do hábitat como nivel de ingresos.

Pola contra, a maior converxencia atópase en "Información e alfabetización" e en "Comunicación e colaboración".





# VI. Conclusiones

# VI. Conclusións

## TENDENCIAS

A transformación dixital de Galicia reflíctese no aumento das competencias dixitais básicas e avanzadas entre a poboación.

A porcentaxe de galegos/as con competencias básicas ou avanzadas aumenta do 61,6% ao 64,1% nos últimos dous anos.

Galicia acada o sétimo lugar nas Comunidades Autónomas con máis proporción de persoas con habilidades básicas ou avanzada.

A desagregación de habilidades dixitais por dimensións mostra que Galicia rexistra unha notable vantaxe sobre a media europea nas competencias dixitais básicas+avanzadas.

## DEBILIDADES

As competencias dixitais baixas destacan entre a poboación a partir dos 55 anos, os/as dedicados a labores do fogar ou pensionistas, quen conta cun nivel de estudos inferior á segunda etapa de secundaria, e entre aqueles/as que contan con escasos ingresos.

A creación de contidos dixitais é unha dimensión cunha forte contraste por idades e niveis educativos.

Nivel de competencia dixitais claramente inferior nas mulleres para resolución de problemas e seguridade.



## COMPETENCIAS DIXITAIS

As capacidades dixitais relacionadas coa Comunicación e Colaboración son as máis estendidas entre a poboación galega.

As habilidades dixitais en Seguridade da poboación galega son as que superan con maior diferenza a media europea.

A creación de contidos dixitais é a área competencial menos estendida en Galicia e, en xeral, no conxunto do territorio estatal.

## PERSPECTIVA DE CRECEMENTO

A porcentaxe de galegos/as con competencias dixitais básicas ou avanzadas incrementouse un 4,1% nos últimos dous anos.

Estes datos mostran unha tendencia positiva. Non obstante, este incremento da capacitación dixital dependerá, entre outros factores, de:

- Progresiva incorporación das persoas que actualmente non empregan Internet (clasificadas como "non avaliábeis")
- Aumento do nivel educativo xeral que segue unha tendencia paralela ao aumento do nivel de dixitalización
- Impulso na dixitalización da poboación maior de 55 anos e con menor nivel educativo.




## VII. Outros estudos OSIMGA de referencia

# VII. Outros estudos OSIMGA de referencia



Este informe avalía a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega. Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na "Enquisa Estructural a fogares" do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.



O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais dende o punto de vista do emprego, a riqueza e a demografía empresarial.



"Galicia. A economía en dixital. A sociedade da información nas empresas de Galicia. Edición 2021"  
O OSIMGA elabora o seguimento e a avaliación anual dunha serie de indicadores relativos ao tecido empresarial galego, de xeito que permite determinar a situación e a evolución da dixitalización das empresas galegas



A información que se presenta procede da "Mulleres en dixital. O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero. Edición 2023" analiza comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e comunicación en Galicia a través de datos proporcionados por o IGE e o INE (TIC-H).



O estudo "Galicia Dixital: O Sector TIC de Galicia. Edición 2023", elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información en Galicia (Osimga), en base unha enquisa realizada entre maio e xullo do ano 2023, recollendo indicadores novos como o teletraballo ou a adopción de tecnoloxías disruptivas.  
É un informe de referencia do sector empresarial TIC galego que realiza OSIMGA, incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026.



A información que se presenta procede da "A Administración electrónica na Administración pública de Galicia. Edición 2023". Describe o nivel de dixitalización dos diferentes órganos administrativos de Galicia e coma inflúe estes na dixitalización da sociedade.



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN  
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA